

**MARTINÓN-TORRES, M.: *Os monumentos megalíticos despois do Megalitismo. Arqueoloxía e Historia dos megalitos galegos a través das fontes escritas (s. VI-s.XIX)*. V Premio de Investigación 2000 Xesús Ferro Couselo. Concello de Valga (Pontevedra), 2001, 184 p. 19 figs.**

**Por Alfredo IGLESIAS DIÉGUEZ**

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago de Compostela

Tradicionalmente, en tanto que as mámoas e as antas só tiñan valor arqueolóxico (son o produto dunha sociedade prehistórica), o seu estudio era tarefa exclusiva dos arqueólogos. Sen embargo, debido a súa presenza na paisaxe galega ó longo de varios milleiros de anos, os megalitos cumpriron outras funcións sociais, como a territorial, dado o seu emprego como demarcadores territoriais; a simbólica, polo atractivo idealizado que exerceron ó longo da historia (tanto no imaxinario colectivo que os relaciona coas mouras como co que os vincula a grandes tesouros); e a antedita función documental.

O libro de Marcos Martín-Torres móstranos como os megalitos tiveron unha historia posmegalítica que é importante coñecer, non só porque botan luz sobre un tema que tamén pertence ó noso pasado, senón porque ademais pode permitir completar algunhas lagoas na investigación. A historiografía arqueolóxica, de xeito case unánime prescindía dos traballos anteriores a Murguía; o motivo era evidente: foi o primeiro investigador que partiu do documento histórico para investigar o pasado. Así, nas historias do megalitismo a penas había espazo para historiadores como Vereas y Aguilar, Sarmiento, Martínez Padín ou Vicetto e, aínda menos, para as referencias ós megalitos que aparecían en documentos xurídicos como o de Vázquez de Orxas ou o catastro do marqués de Ensenada. A investigación de Martín-Torres centrouse precisamente nese aspecto: a análise das referencias, directas e indirectas, ó megalitismo galego en todo tipo de

documentos e libros nun período que comeza no século VI, data da primeira referencia coñecida, e remata coa obra de Murguía Historia de Galicia (1865).

Para satisfacer eses obxectivos o autor deseñou un programa de investigación que lle permitiu marcar todas as referencias relativas a calquera monumento megalítico presente nos documentos que baleirou. A importancia deste traballo non é menor, sobre todo se temos en conta que unha das funcións sociais foi a de servir de demarcadores territoriais. Unha vez identificado o obxecto da busca (todos os topónimos subceptibles de referirse a monumentos megalíticos), o autor baleirou diferentes fontes documentais, como o Parroquial suevo, e numerosos tomos e coleccións diplomáticas procedentes dun bo número de mosteiros galegos, o catastro do marqués da Ensenada e, sobre todo, o libro xudicial de Vázquez de Orxas. Un dato fundamental que se desprende de toda esta obra é que o uso do libro xudicial do indiano, e do resto dos documentos, é unha fonte fundamental para a prospección arqueolóxica.

Este libro xudicial recolle os preitos interpostos polo licenciado Vázquez de Orxas contra numerosos paisanos acusados de destruír os monumentos megalíticos galegos despois do ano 1609. Evidentemente, baixo esa acusación un elemento fundamental do proceso xudicial é a localización do monumento, a constatación da súa destrución e a identificación dos culpables. O autor do estudio deste documento tira dúas consecuencias fundamentais:

- 1) O valor do libro como fonte para a prospección arqueolóxica, xa que durante o proceso se ofreceu abondosa información sobre numerosos monumentos megalíticos.
- 2) A constatación dun cambio de mentalidade no mundo rural galego: as mámoas deixan de ser un marco territorial respectado para ser un lugar onde agocharon os "xentiles galigrecos" os seus tesouros e que pode ser obxecto de destrución.

Deteñámonos un pouco na primeira consecuencia antes de analizar a segunda.

Se temos en conta que todas as interpretacións realizadas do fenómeno megalítico en Galicia, acertadas ou increíbles, parten da ruptura que estableceu Murguía na historiografía galega (a referencia constante ó dato como única fonte de coñecemento), debemos valorar con moita cautela as importantes conclusións do libro que agora reseñamos.

Sin dúbida, Marcos Martinón-Torres demostra, ou cando menos abre unha porta, que numerosos monumentos megalíticos foron destruídos na febre do ouro que asolou Galicia durante os primeiros anos do século XVII. Se isto foi así, e temos a documentación xudicial que proba numerosas destrucións, no rexistro arqueolóxico galego faltan bastantes mámoas de grandes dimensións localizadas nos fondos de val: xusto do que carece o megalitismo galego como fenómeno a interpretar polos arqueólogos actuais. En tanto que esa sería unha consecuencia de profundas implicacións na análise de megalitismo galego, o autor propón, nun

primeiro momento, o emprego de todas as fontes documentais como fonte para a prospección (que ó ritmo que leva a Administración en materia arqueolóxica vai ser o único tipo de prospección posible de realizar en Galicia).

A segunda consecuencia importante do libro xudicial de Vázquez de Orxas é a relativa ó cambio das mentalidades: entre os anos 1606 e 1609 prende en Galicia unha verdadeira febre do ouro que partía da crenza, totalmente infundada, de que no interior dos megalitos se agochaban importantes tesouros dos xentiles. Non oustante, bótase de menos, debido a esta importante consecuencia no cambio das mentalidades, unha análise máis centrada no eido da antropoloxía cultural; algo que aínda pode facer en futuras investigacións.

O autor constata que a devandita febre do ouro galega supón un cambio de mentalidade con respecto ós megalitos: durante a Idade Media, período no que son considerados basicamente demarcadores territoriais, os mámoas e as antas eran obxecto de preservación; a partir de século XVII, as mámoas son obxecto de destrución. E para xustificar a violación de numerosos monumentos megalíticos o autor achega algunhas causas. A primeira, que o megalito pasa a cumprir unha función social simbólica, posible gracias ó uso de novas demarcacións territoriais. Outra causa sería a propia administración real, que autorizaba ó licenciado Vázquez de Orxas a extraer ouro dos megalitos galegos para a Facenda Real.

Sen embargo, deixa á interpretación do lector á vinculación dese fenómeno co do famoso libro do Ciprianiño e penso que minusvalora o papel simbólico que o megalito tivo na sociedade rural galega: ¿dende cando as mámoas son casas de mouras? Obviamente esta pode ser outra investigación: a construción do imaxinario colectivo ó redor dos megalitos.

O autor achega tres períodos na historia do imaxinario colectivo galego ó redor dos megalitos:

- 1) A Idade Media, cando prevalece a función territorial.
- 2) A Idade Moderna, momento de destrución e violación do monumento, que paradoxalmente está asociada a primacia da función simbólica.
- 3) A Idade Contemporánea, sobre todo a partir de Murguía (aínda que trala lectura deste libro habería que incluír a Sarmiento ou Martínez Padín), na que a función social principal é a histórico-arqueolóxica.

Animo ó autor a realizar unha nova investigación, máis centrada na historia das mentalidades e menos na documentación do obxecto megalítico, que resolva algunha das cuestións que suscita a lectura do libro. Así mesmo, ánimo a elaborar unha análise do complexo discursivo do megalitismo galego dende Sarmiento ata os novos investigadores.

O libro, que recibiu o Premio de Investigación Ferro Couselo na súa quinta convocatoria, correspondente ó ano 2000, achega unha visión novidosa do megalitismo galego, non porque se elabore unha teoría nova sobre ese fenómeno prehistórico, senón porque realiza unha análise serí e rigorosa da historia dos

megalitos despois do megalitismo. Sen dúbida, despois deste libro de Marcos Martín, ábrese unha nova porta para o estudo do fenómeno megalítico galego, e como ben dí no prólogo o profesor Antón A. Rodríguez Casal, tamén nós estamos convencidos de que o mellor que Marcos Martín-Torres nos vai deixar sobre as nosas mámoas e os nosos megalitos aínda está por chegar, despois desta tan necesaria achega que o autor, mália a súa xuventude, describe con tamaña maestría.